

PROGRAMA HISTORIA da ARTE 2023-24

1ª avaliación	Bloque1 Bloque 2 GRECIA ATA INICIOS DO GÓTICO	Exame+controis de vocabulario	Exercicios e implicación
2ª avaliación	Bloque 2 Bloque 3 FINAIS DO GÓTICO ATA BARROCO	Exame+controis de vocabulario	Exercicios e implicación
3ª avaliación	Bloque 4 Bloque 5/6 BARROCO ATA ACTUALIDADE	Exame+controis de vocabulario	Exercicios e implicación

Criterios de avaliación

Nota= suma destes dous elementos

Exames (80%) da nota)	Actividades (20%) da nota)
<p>Haberá dous exames por avaliación. Pódese establecer a existencia doutro se se considera necesario.</p> <p>Modelo de exame: Axustarase na maior medida ao modelo formulado nas ABAU</p> <p>Os exames terán dúas probas, que poderán ser en días distintos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise de 2 obras (8 puntos, seguindo indicacións CIUG) • Controis de vocabulario (2 puntos). Nestes controis pódense incluír preguntas de identificación (1pto para vocabulario, 1 pto para identificación) <p>A nota final xorde das medias calculadas entre os dous tipos de exames.</p> <p>Realizarase unha recuperación por avaliación que inclúa análises de obras e vocabulario conxuntamente.</p> <p>Nos exames terase en conta, ademais dos contidos amplos, realizados de xeito coherente e con vocabulario específico, a redacción, a presentación e ás faltas de ortografía que descontarán nota como se establece na programación.</p> <p>A non asistencia aos exames debe ser xustificada documentalmente</p>	<p>Aquí inclúese :</p> <p>Traballos e exercicios solicitados:</p> <p>1.-Banco de imaxes 2.-Comentarios, exercicios.</p> <p>✓ <i>Seguirán indicacións e estar entregados en prazo</i></p> <p>✓ <i>Puntuados sobre 10, farase media entre eles</i></p> <p>Non serán recollidos nin puntuados aqueles traballos entregados fóra de prazo establecido</p> <p>A participación activa será tida en conta ao longo dos tres trimestres e suporá un 5% da nota, unha vez aprobada a materia</p>

MATERIAL. A materia será traballada en base a apuntamentos que serán proporcionados a medida que se desenvolvan os temas. É necesario traer ese material a clase para traballar con el e facer anotacións. A través da **aula virtual** e páxina propia (<https://csabucedo.wixsite.com/historia>) será a vía de contacto. Suxírese libro de texto, pero non é imprescindible.

